

ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE GUILFREI (BECERREÁ, LUGO)

En Lugo, 29 de abril de 2024, reúnense

María Pérez Folgueira, como xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo e en ausencia do director dos traballos do *Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de Guilfrei, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, dentro da medida 4.3, e do plan estratéxico da PAC 2023-2027, dentro da subintervención 68432_02 (Becerreá, Lugo) (ST-5872) e*

Luis Ángel Fernández Fernández, en representación de ENSEROS ENXEÑERÍA E SERVIZOS INTEGRADOS, SL, adxudicataria dos ditos traballos,

expoñen o seguinte:

A reestruturación parcelaria para Guilfrei, no Concello de Becerreá, foi declarada de utilidade pública por Decreto do Consello da Xunta de Galicia de data 29 de setembro de 2022 (DOG 19/10/2022).

De conformidade co que establece o artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a partir da data de sinatura deste documento iníciase os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona, consistentes nas operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras e á redacción do correspondente plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ata a súa declaración oficial de firmeza.

E para que conste, asíñase o presente documento en proba de conformidade,

